



Amador Díaz Penín, Portavoz do Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Xinzo da Limia,

EXPÓN

Dada a crítica situación xerada trala caída de prezos da pataca que ven arrastrando da pasada campaña a Comarca da Limia, agravada ao longo do presente inverno polas intensas chuvias e anegamentos continuados das explotacións provocando asemade a total inviabilización da pasada e futura sementeira do cereal, e isto sumado á virulencia coa que o recente temporal “Xynthia” incidiu sobre o marcado carácter agrícola da Limia, incluídas colleitas, parcelas, almacéns, explotacións agrícolas e gandeiras, peches e infraestruturas, chegando mesmo a derrubar inmóbeis e inutilizar a rede de pistas,

SOLICITA

Mediante o presente escrito a celebración inmediata e urxente dunha Sesión Plenaria Extraordinaria para que o Concello de Xinzo da Limia inste tanto a Xunta de Galiza como ao Goberno do Estado a Declaración da Comarca da Limia como Zona Catastrófica. Así mesmo, solicitarase a creación dun censo de damnificados para cuantificar perdas e estimar axudas pertinentes.

Dado o carácter urxente e de situación de emerxencia desta moción, tamén se recomendará que non sexan xeradas as dietas correspondentes a celebración do devandito Pleno.

Sen outro particular, atentamente,

Asdo.: Amador Díaz Penín

En Xinzo da Limia, a 1 de marzo de 2010

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA